


**Boas familias** volvemos hoxe, coas propostas para a última semana deste trimestre. Imos seguir repasando e traballando xuntos coa axuda dos contos, son unha gran ferramenta!


Espero que todo continúe ben e lembrede, **xa queda menos!**

**-Conto "Unha parella diferente"**, disfrutamos do conto e despois comentamos o que sucede, que nos gustou, que no nos gustou, que é o máis divertido, que animais vimos, animais ALTOS E BAIXOS etc. Podedes facer as preguntar que queirades, as anteriores son ideas pero imos traballar os contidos alto e baixo. A continuación imos doblar unha folla pole metade e teñen que escribir nun lado alto e noutro baixo...




Por último, teñen que debuxar animais que sexan altos e outros que sexan baixos, deixade que discorran e que empreguen toda a súa creatividade. Debaxo de cada animal podedes escribir xuntos o seu nome.

**-Crocodilo:** nos arquivos adxuntos tedes unha ficha para repasar a secuencia numérica, do 1 ao 10 debuxando un crocodilo e a grafo dos números do 1 ao 5. Estes números son, nos que debes insistir en repasar, estas semanas que estamos separados.




**-Repasamos as formas:** coa ficha que tedes nos adxuntos, teñen que repasar as formas traballadas, primeiro con lapis e logo con rotulador. Logo na dereita, teñen que usar as formas que queiran para facer un debuxo moi chuli!




**-Palabra secreta:** temos que preparar uns papeliños coas letras da palabra XIRAFAS en anaquiños, imos explicarlles que temos unas letriñas soltas que forman unha palabra e imos xogar con eles. Primeiro, contamos xuntos cantas letriñas temos que gañar e despois comezamos o xogo.

Teñen que ir dicindo letriñas do alfabeto. Se acertan gañan a letra e pegámola onde corresponde, senón teñen que tachar no alfabeto da folla a letra que dixeron. Cando completen a palabra...xogamos a ler xuntos, deixade que o intenten e se esforcen. O que queira pode facer o debuxo da xirafa.



**-A primavera cos nosos sentidos:** escribimos primavera na parte superior sobre a raia e logo imos pintar unha mandala da primavera, coas pinturas que eles escollan libremente. Mentres imos desfrutar do son da natureza nesta estación. <https://www.youtube.com/watch?v=58IvK3SfYR4>



**ÁNIMO E UNHA MOREA DE BESOS AOS NÓSOS AMORINOS!  
ESTÁNLO FACENDO XENIAL!**